


Minimaladas



Minimaladas

Carlos López

Ilustracións de David Pintor



Título:

Minimaladas

Autor:

Carlos López

Ilustrador:

David Pintor

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

64

ISBN:

978-84-9782-672-3

Idade:

De 7 anos en diante

PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL 2007

XERAIS



o autor

Carlos López Gómez (Boimorto, 1967)

É o guionista, dende 1993, do dúo de humor gráfico Pinto & Chinto que publica viñetas na prensa diaria. Hoxe son unha referencia do humor político e publican en xornais como *Diario 16*, *La Voz de Baleares*, *Diario de León*, *La Voz de Galicia*... Teñen exposto o seu traballo na Bienal de Caricatura de Ourense e no Museo do Humor de Fene.

Este é o primeiro libro que publica nesta colección. Outros libros seus son *Suca*, *Aquilino pinta unha nube e un camaleón*, *Historia de Román*, *o bombeiro*, *O pequeno da familia fantasma*...

Un dos libros que máis o impactou foi *20.000 leguas de viaxe submarina* e considera *O Principiño* o típico libro infantil que lle gusta a todo o mundo e polo que segue a sentir fascinación.

Con respecto á literatura infantil comenta que: «Escribir para os nenos é un exercicio complexo, moi complexo, porque se trata dun mundo polo que pasaches pero que xa hai anos que deixou de ser o teu mundo»; aínda que conclúe: «Escribir para os nenos, ao cabo, é xogar escribindo» e «o libro infantil de calidade interésalle a todo tipo de lectores».

o ilustrador

David Pintor

É o outro creador do dúo Pinto & Chinto.

É ilustrador, humorista gráfico, caricaturista e pintor.

As súas son unhas ilustracións moi limpas que semellan pretender a mesma economía que as historias do seu compañeiro. Expresivos e claros, os seus debuxos acompañan cada unha das historias humanizando os animais de *Minimaladas*.

Como ilustrador publicou: *Suca*, *Aquilino pinta unha nube e un camaleón*, *O libro dos xogos populares galegos*, *Dez por dous*, *Hércules e Crunia*, *Historia de Román o bombeiro*, *O pequeno da familia fantasma*, *Unha bruxa ben rara*, *A miña avoa ten trece anos...*

Xunto con Chinto é creador do personaxe de cómic Tito Longueirón, que naceu no suplemento de humor Xatentendo.com.

Realizou tamén ilustracións para revistas como *El Virus Mutante*, *Golfiño*, *E*, *Ciervo*, *BD Banda*, *ECO*, *Sapoconcho*, *Retranca...*

o libro


Minimaladas foi Premio Merlín de Literatura Infantil 2007. O xurado deste premio gaba a orixinalidade e imaxinación de que fai gala, a capacidade para evocar imaxes, valéndose dun emprego lúdico da linguaxe e dun tratamento innovador da creación lingüística.

O autor confesa que todas as historias teñen o denominador común do humor. Segundo el, o acto de escribilas foi divertido e confía en que sexa divertido, tamén, delas. Conta que para estas oitenta e catro historias recollidas en *Minimaladas* buscou animais cunha personalidade moi marcada, que lle permitisen explotar o trazo definitorio de cada un deles.

Recolle unha mancha de pequenas historias protagonizadas, todas elas, por animais que tamén aparecen retratados polo ilustrador.

Estamos diante de historias mínimas sobre animais, tal e como nos di o seu título.

temas e valores



Microrrelatos

Narracións curtas para ler en momentos soltos, para aqueles que non teñen moito tempo...



Humor

Rir coas historias e buscar outras posibilidades de humor en torno aos animais.



Animais

O mundo dos animais para ler, para xogar, para observar, para reflexionar, para comentar, para levarnos a outras lecturas...

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observamos as capas e imaxinamos o argumento e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Reflexionamos sobre o título, quizais nos lembre outros. Imaxinamos outros títulos semellantes a este e tamén que tipo de historias poden contar: *Maximaladas, Supermaladas, Intermaladas...*
- Escribimos un texto con ese título.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a adiantar o tema e o argumento. Deixamos que vaian emerxendo os coñecementos previos acerca de animais e contos sobre animais, de experiencias relacionadas con eles, etc. Identificamos o autor, buscamos datos acerca del e das súas obras. Realizamos buscas a través de Internet acerca del, do ilustrador e, especialmente, do dúo formado por ambos.
- Informémonos sobre o premio Merlín: cando se convocou por primeira vez, que libros e autores o gañaron, etc.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Podemos facer unha sesión na que cada un dos lectores presenta unha obra que lese desta colección.
- Creamos historias de animais e ímolos narrando entre nós. Logo poderemos escribilas.
- Cunha mirada rápida, observamos as ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás dalgunha delas (non vale ler!).

Ao longo da lectura

- Situamos o texto dentro dun xénero literario.
- Unha vez lida cada unha das historias podemos poñerlles título a algunhas, resumir outras e titular outras a modo de resumo.
- Identificamos quen conta a historia.
- Seleccionamos aqueles relatos que nos atraen máis para, despois, poder compartilos cos compañeiros e coas compañeiras.
- Vaíamos anotando os animais tratados en cada conto.
- Contámonos as historias os uns aos outros para lembralas.
- Buscamos o conto máis divertido.


actividades

- Anotamos os animais que aparecen nos relatos. Logo poderemos distribuírnolos coa fin de realizar un traballo en equipo sobre cada cada un deles (gato, hiena, león, camaleón, insecto pau, insecto folla, tartaruga, quenlla, lobo, pingüín...).
- Identificamos o conto máis curto e o máis longo, o máis misterioso, o máis suxestivo, o máis evidente...
- Como vemos, todos os contos comezan do mesmo xeito. Recollamos ese comezo e escribamos as nosas propias historias de animais co mesmo principio.
- Localizamos unha fábula que sirva como «o colmo dun...».
- As pezas funcionan a modo de microrrelatos, textos mínimos nos que se recolle unha historia. Tentemos buscar outras historias así de pequenas.
- Probemos a escribir historias mínimas sobre outra temática: árbores, seres imaxinarios, xentes...
- Busquemos un texto relacionado coa defensa do medio ambiente
- Contestemos:
 - Quen nos conta as historias?
 - Que animais descoñecemos?
 - Que sucedería se a un caracol lle roubasen a cuncha?
 - Cal é a diferenza entre o cabalo de terra e o cabalo de mar?
 - Cal é o animal que canta á primavera?
 - Que pasa se unha vaca se volve tola?
 - Por que cremos que este libro é moi orixinal?
- Seguro que hai relatos que nós ilustraríamos doutra maneira. Escollamos cales e fagámolo.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións para explicar o que nos mostran e observamos que novas formacións nos achegan.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla.
- Metamos todos eses animais na arca de Noé e contemos o que pasaría nesa outra historia.
- Probemos a ler o libro en voz alta. Poñámonos de acordo na historia que lerá cada un e preparemos esa lectura.
- Formulémonos preguntas relacionadas coa obra.
- Elaboremos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista.
- En base á ilustración predecimos a historia correspondente.
- Xogamos a recoñecer todos os animais polo debuxo.

actividades

Despois da lectura

- Mostremos as historias que nos gustan máis e vexamos se coincidimos cos compañeiros na elección.
- Comentamos o pracer de ler pequenas historias. Hai quen pensa que «o bo, se breve, dúas veces bo». Pensamos noutros libros de relatos breves (como por exemplo *29 historias disparatadas*, *27 historias para tomar a sopa*, *28 historias para rir...*).
- Podemos visitar a páxina web do ilustrador: <http://davidpintor.blogspot.com>.
- Busquemos outros contos de animais.
- Comentemos os valores que defende o autor nestes textos.
- Analicemos os problemas que aparecen e se conseguen resolverse.
- Escribamos a opinión que nos mereceu o libro ou realicemos unha posta en común na que vaíamos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura e as lembranzas que foron xurdindo ao longo desta.
- Resumimos o argumento daqueles relatos que nos gusten máis.
- Intentamos sintetizar as ideas base que se repiten nos textos.
- Escribímoslle ao autor comentándolle a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos algunha das historias a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Pensamos noutras obras que poderíamos relacionar con esta porque tamén están protagonizadas por animais, porque tamén son de humor...
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 503-2008